

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e tendo en conta o decreto ditado en data 4.05.20 baixo o número 159/2020, polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro **VENRES, día 05 de XUÑO /2020 ás 13 HORAS** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobación, se procede, de borrador de acta de sesión anterior: 08.05.20 (Ordinaria).

2º.- Ratificación de acordo adoptado pola comisión de seguimento da covid-19 no seo de sesión de Xunta de Goberno Local de data 14 de maio de 2020.

3º.- Moción do grupo municipal do Partido Popular para a adopción de medidas sociais e económicas en relación á crise do covid-19.

4º.- Dar conta da Resolución recurso especial 58/2020 interposto pola Federación “Comisiones Obreras de Construcción y Servicios” contra os pregos de contratación da prestación do SAF do Concello de Valdoviño, ditada polo TACGAL (Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad Autónoma de Galicia”. Adopción de acordos derivados da resolución.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

5º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes de abril de 2020.

6º.- Información sobre a situación actual en referencia ao estado de alarma pola pandemia do covid-19.

7º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregarase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE